

MEMORIA

CAPACITACIÓN/FACILITACIÓN DA EMPREGABILIDADE 2014

Proxecto Experimental de Desenvolvemento do Potencial de Empregabilidade e logro de Emprego dos Residentes dunha Casa de Acollida para Persoas Afectadas polo VIH-SIDA

Nome da Asociación

Comité Cidadán Anti-SIDA de Ourense

Representante Legal da Asociación

Jesús Apolinar Álvarez Mazariegos

Presidente

Coordinador do Proxecto-Servicio

Agustín González Ferro

Coordinador Xeral de Programas e Servicios

1. Denominación do programa:

Proxecto Experimental de Desenvolvemento do Potencial de Empregabilidade e logro de Emprego dos Residentes dunha Casa de Acollida para Persoas Afectadas polo VIH-SIDA FACILITACIÓN/CAPACITACIÓN PARA A EMPREGABILIDADE

Proxecto de intervención específico no que se contemplou, entre os seus obxectivos o promover modos, estratexias e actividades que conleven á facilitación do acceso ó mundo laboral das persoas afectadas polo VIH, fundamentalmente do colectivo con mais carencias e en risco de maior exclusión.

- Habilidades Sociais e de Emprego.
- Iniciación a informática e manexo de Internet.
- Educación medioambiental, reciclaxe (lexislación aplicable)

Obxectivos

- Coñeceuse a historia laboral e súa formación nesta área.
- Coñeceronse os intereses dos/as participantes.
- Motivouse, fomentouse unha formación axeitada ós intereses laborais e formación.
- Faciliouse a adquisición de HH.Socio-Laborais para a búsqueda de emprego e seu mantemento.
- Dotouse as persoas residentes da Casa de Acollida dunha formación e estratexias que faciliten a súa empregabilidade.
- Fomentouse o coñecemento de todos os recursos de busqueda de emprego e a súa utilización.
- Potenciouse a inclusión e realización de cursiños prelaborais e laborais.
- Potenciouse a inscrición no INEM, Servicio Galego de Emprego e ETT's.
- Fomentouse o desenvolvemento de cursiños da Universidade Popular.
- Dotouse a este colectivo da capacitación precisa para o desenvolvemento eficiente do seu posto de traballo garantindo a súa continuidade.
- Tentouse a inserción laboral de polo menos un 35% das persoas demandantes de emprego formadas (obxectivo que no foi logrado)

Metodoloxía:

2. Descrición do proxecto, acción a realizar

A metodoloxía a seguir estivo rexida polos criterios metodolóxicos de actividade, participación e dinamismo, entendendo estes como:

Actividade:

Adquisición de coñecementos fundamentada na realización de actividades desenvoltas polos participantes do curso, sendo axentes da súa formación a través da aprendizaxe por descubrimento.

Participación:

Cada alumna/o aportou a súa experiencia de forma que, conxuntamente co formador, se chegou a acadar, desenvolver os contidos teóricos.

Dinamismo:

A evolución o movemento do grupo, o desenvolvemento individual e a evitación de actividades pasivas, permitiu un elevado grao de implicación e atención no curso.

O programa formativo levou implícitos dous elementos base: **Motivación e Formación**

Os contidos do curso desenvolveronse en tres módulos:

Módulo I: Habilidades Sociais e de Busca de Emprego.

Habilidades Sociais:

Traballáronse as habilidades sociais como conxunto de hábitos que permiten mellorar as relacións interpersoais, incluíndo conceptos como asertividade, autoestima e intelixencia emocional e a súa influencia na comunicación cos demais.

- Dimensións das habilidades sociais (conductual, cognitiva, fisiolóxica).
- Conductas socialmente hábiles.
- A comunicación.
 - A comunicación verbal.
 - A comunicación non verbal.
 - Factores que dificultan a comunicación.
 - Verbos clave da comunicación

Busca de emprego

O obradoiro na fase adicada a técnicas de busca de emprego contou con dúas partes unha dedicada a elaboración do currículo e outra a entrevista de traballo, sendo a última parte a entrega do currículo elaborado.

a) O Currículo:

- ¿Qué é un Currículo e para que serve?
- Preparación de material do currículo.
- Tipos de currículo.
- A solicitude de emprego e a carta de acompañamento.
- Onde se entrega o currículo.

b) A entrevista de traballo:

- ¿Qué é unha entrevista de traballo e que pretende?.
- Tipos de entrevistas de traballo.
- Como prepararse para a entrevista de traballo.
- Preguntas do entrevistador.
- Como dominar os nervios.
- Como negociar as condicións de incorporación e o salario.

Módulo II: Introducción á informática e Internet.

Realizouse o obradoiro de informática, dividido en cinco partes cun período de duración semellante entre si, cos seguintes contidos:

- Informática básica:
 - O ordenador Persoal (PC).
 - Periféricos: impresoras, Monitores, etc....
 - Soportes de información: Disquette, Disco duro...
- Sistema Operativo: WINDOWS
 - Traballo con ventanas: Cerrar, Desprazar
 - Traballando con ficheiros. Explorador.
 - Creación de grupos de programas. Carpetas.
 - Accesorios: Calculadora, Calendario, Reloxo, etc., etc.
 - Utilidades. Wordpad, Paintbrush.
- Tratamento de textos con MS-WORD
 - Formato de Letra, Párrafo e Páxina.
 - Tabulacións e sangrías.
 - Bordos e Sombreados.
 - Corrector Ortográfico.
 - Crear Sobres e Etiquetas.
 - Imprimir Documentos.
 - Insertar Símbolos e Caracteres especiais.

o Navegación INTERNET-NETSCAPE

- Introducción ó Worl Wide Web.
- As direccións en Internet. URL.
- Busca na Rede.
- Correo Electrónico E-Mail
- Discusión en Grupo. Noticias (NEWS).
- Navegación con Netscape.
- O VIH/SIDA e a saúde na Rede.

Módulo III: Formación medioambiental e reciclaxe (lexislación aplicable).

Unidade 1. Introducción ó concepto de medioambiente

- Conceptos básicos.
- O home e o mediambiente.
- A contaminación.
- Os verquidos.
- A reutilización.
- O desenvolvemento sostible.

Unidade 2. A contaminación e o deterioro dos recursos naturais.

- Os principais problemas globais mediambientais (contaminación, efecto invernadoiro, a capa de ozono, contaminación de augas...)
- A perda da biodiversidade no mundo.
- Esgotamento e contaminación das augas.
- A contaminación do chan.
- Deforestación e desertización.

Unidade 3. A cidade: o noso medio

- Urbanismo e ordenación do territorio.
- O clima nas cidades.
- Principais problemas ambientais nas cidades.
- Residuos urbanos.

Unidade 4. A actuación da administración.

- Organizacións gobernamentais con competencia ambiental.
- A Unión Europea.
- Competencias do Estado Español, as Comunidades Autónomas e a Administración Local.

Unidade 5. A resposta da sociedade.

- Resposta empresarial.
- Os medios de comunicación.
- As asociacións políticas.
- O movemento ecoloxista.

Unidade 6. Aportación individual.

- O lugar onde vivimos.
- O transporte individual.
- Centros educativos e de traballo.

3. Duración total do programa:

A duración total do programa foi de 3 meses adicando un mes con posterioridade á formación á consecución de traballo (entrega de curriculos parte que esta en proceso).

Módulo I: 63 horas

Módulo II: 69 horas

Módulo III: 63 horas.

	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO
MODULO I	X		
MODULO II		X	
MODULO III			X

A formación levaráse a cabo de luns a venres con unha duración de 3 horas diarias en horario de tarde (para compatibilizar a formación coas posibles visitas médicas).

4. Lugar de impartición do Curso:

Casa de Acollida e aulas e locais do Comité Cidadán Anti-SIDA.

5. N° de participantes: Destinatarios

Grupo de 10 persoas perceptoras de PNC, RISGA ou sen recursos. Con minusvalía dun 33% ou superior, portadoras VIH residentes na Casa de Acollida e en risco de exclusión social.

Cofinanciamento da Entidade

A entidade Comité Cidadán Anti-SIDA de Ourense cubriu aqueles gastos os que non alcance a subvención solicitada, aportando o material necesario para a impartición do curso e o espazo físico para o desenvolvemento do mesmo.

6. Actividades, Sectores e ámbito territorial en que se vai actuar

As actividades a realizar estiveron incluídas e especificadas na metodoloxía a desenvolver, no punto 2.

O ámbito territorial no que se levou a cabo o proxecto é Ourense cidade e provincia.

7. Recursos técnicos, humanos e materiais dos que se dispuxo

Recursos materiais e técnicos utilizados:

Aulas

Retroproyector y proyector de diapositivas.

TV, Vídeo e Canón de proxección.

Material reprografiado.

Material didáctico.

Conexión a internet.

Ordenadores (8)

Ferramentas necesarias para a mellora dos axardinamentos (cedidas polo Concello de Ourense)

Recursos Humanos:

Psicólogo, Educadora Social, Integradora Social, Mediador social.

Equipo de formadores: formador, xestor de emprego.

Avaliación:

Avaliación do proceso formativo.

Avaliación da adquisición de contidos.

Avaliación do logro de empregabilidade: Seguimento do grupo durante os tres meses seguintes ó remate da formación: guía práctica da busca de emprego.

8. Obxectivos de inserción laboral logrados

Os obxectivos de inserción previstos:


- NINGÚN PARTICIPANTE NA FORMACIÓN LOGROU EMPREGO

AVALIACIÓN


Nivel de formación



Recursos económicos



País de procedencia





UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Familia e Inclusión



II plan galego de
inclusión social



COMITE CIDADÁN
ANTI-SIDA DE
OURENSE

INDICADORES DE AVALIACIÓN	INTERVENCIONS
Nº DE BENEFICIARIAS	10
Nº BENEFICIARIAS CON FILLOS (a cargo)	0
MULLERES	1
INSERCIÓNS LABORAIS	0
GRADO DE SATISFACIÓN DOS USUARIOS	MEDIO/ALTO
ENTREVISTAS DE TRABALLO	0

ACTIVIDADES	INTERVENCIONS
CURRICULUNS REALIZADOS	10
ENTREGA DE CURRICULUNS	10 (EN VARIAS ETTs)
MODULOS REALIZADOS	3
DERIVACIÓNS A OUTROS RECURSOS	0
ACEPTACIÓN DE MATERIAIS UTILIZADOS	MEDIA/ALTA
TEST REALIZADOS	3 (un por cada módulo)